- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía tamén está enfocada a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, que os alumnos poidan aplicar os seus coñecementos no mundo real, fóra das aulas. O alumno ten que lograr a adquisición das competencias implicadas na comunicación e a capacidade de poñelas en práctica nos diferentes contextos de actuación.

Na Educación Primaria, especialmente durante os primeiros niveis, os profesores debemos dar maior importancia ás destrezas receptivas, sobre todo á comprensión oral. Os principios lingüísticos están basados, en primeiro lugar, no desenvolvemento oral e auditivo, para que máis tarde recoñezan a forma escrita (primeiro animaremos aos alumnos a recoñecer a forma escrita a nivel de palabra, e logo a nivel de oracións sinxelas). Por esta razón, a maior parte da información que recibirán será oral, contextualizada (a través de historias, contos,...) e redundante. Aparte disto, teremos en conta as necesidades e as experiencias do mundo que teñen os nosos alumnos, partindo do que xa coñecen (coñecemento previo) para facilitarlles a comprensión da nova información e sexan capaces de relacionala cos contidos previos (aprendizaxe significativa).

Con respecto ás destrezas produtivas, teremos en conta o que Krashen acuñou como *período silencioso* (os nenos necesitarán un período de comprensión oral). Polo tanto, ao principio non esperamos conseguir de eles demasiados discursos espontáneos. A maior parte da lingua Inglesa que eles aprenderán é o que se coñece como *lingua de contexto escolar* ou de *clase*, pero tan pronto como poidamos crearemos situacións interactivas coma os diálogos. Podemos empregar a Resposta Física Total (TPR), a través da que non esperamos produción lingüística senón simplemente unha resposta física: por exemplo que respondan fisicamente a ordes. Isto contribuirá a crear unha actitude positiva nos alumnos facilitándolles a aprendizaxe.

Os métodos didácticos han de elixirse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar o ensino.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua céntrase no significado polo que un principio básico é que todos os contextos e situacións en que os alumnos se aproximan ao idioma deberían ter un sentido completo e relevante e estar relacionadas coas súas experiencias, que poidan identificarse coas situacións en que se encontran.

Os alumnos teñen tamén numerosas oportunidades de incorporar as súas propias vivencias no contexto da aula: con frecuencia pídeselles aos alumnos que falen dos seus intereses e experiencias facendo que o proceso de aprendizaxe

teña máis sentido para eles.

A aprendizaxe é moito máis efectiva cando se goza do proceso: as cancións, as rimas, as historias ou os xogos proporcionan formas divertidas coas que traer unha variada tipoloxía de actividades á aula.

A práctica oral preséntase de diferentes formas: actividades de repetición como rimas, cancións ou trabalinguas, diálogos onde os alumnos toman parte, enquisas e cuestionarios, xogos de cartas que implican dicir palabras, facer preguntas ou realizar descrições para seguir o xogo, actividades de *¿role-play¿* e intercambios de preguntas e respostas en parellas

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias metodolóxicas a ter en conta serán as seguintes:

-Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.

- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.

- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/coa lingua que ensina .

-Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos,xogos interactivos online,videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes,realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

-Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Páxinas web de xogos online.
2- Historias e contos publicados na rede.
3-Xogos de mesa.
4-Xogos físicos.
5-Libros de lectura.
6-Posters e murais.
7-Ferramentas de elaboración de materiais.
8-Encerado dixital interactivo -smart board.
9-Use dos medios audiovisuais que conte a escola.
10-Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11-Videos.
12-Rimas e cancións.
13-Actividades DUA.

NOTA: neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparecerá un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 1º.

Citamos algúns exemplos:

1- Páxinas web de xogos online e recursos:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/>
<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>
<https://www.funenglishgames.com/>

Páxinas de recursos para o mestre : <https://www.teacherspayteachers.com/>
<https://es.liveworksheets.com/>
<https://advantage.macmillan.es/>
<https://www.macmillaneducationeverywhere.com/>
<https://eltarrodelsidiomas.com/>

Types of games:

- Memory.
- Drag it.
- Teacher (your name) says .
- Match it.
- Guess it.
- What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"Winnie the witch" https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF_Ks

"Pete the cat and the missing cupcakes" <https://www.youtube.com/watch?v=1mbrEhOmow0>

"Not now, Bernard" https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI_2TDOo

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- * adiviñar a tarxeta;
- * memory game;
- * facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.
- Noughts and crosses.
- Trivial.
- Scrabble.
- Crazy Chefs
- Pictionary
- What is the time, Mr Wolf?
- Spotty dogs.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
- + xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso

frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

"Guess how much I love you" Sam Bratney
"The Snowman" Raymond Briggs.
"Susan laughs" Jeanne Willis
"Mary Poppins ,Up, Up and Away" Helene Druvet
"Something else" Kathryn Cave.
"Little Bo Peep troublesome sheep" Cressida Cowell
"Ketchup on your Cornflakes" Nick Sharrat
"I am a tiger" Karl Newson.
"Not me" Nicola Killen.
"Dogs" Emily Gravett.
"Animal pants" Brian Moses.
"Not now ,Bernard" David Mckee.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: https://www.canva.com/es_419/
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítenos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

Cancións:

"All together now" Beatles.
"Hello, Goodbye" Beatles.
"Baa ,Baa, Black Sheep"
"Count to one hundred"

Rimas:

"See you later, alligator!"
"Diddle, diddle dumpling my brother John"
"Humpty Dumpty"
"Star light, star bright"

13 Libro de texto como apoio para as explicacións didácticas "KID&S CAN 1" Editorial: Macmillan.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do proceso realizarase unha avaliación inicial para diagnosticar o nivel de coñecementos do alumnado e identificar as posibles dificultades (poderemos detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado e tamén teremos en conta e analizaremos os informes de avaliación individualizada feitos a finais do curso anterior, así como as súas motivacións, expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas dos nosos alumnos.

Neste proceso se atopamos alumnado con dificultades pódense recoller evidencias tales coma, gravación individuais, de interacción en parella ou en gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Ao inicio do proceso realizarase unha avaliación inicial para diagnosticar o nivel de coñecementos do alumnado e identificar as posibles dificultades (poderemos detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado e tamén teremos en conta e analizaremos os informes de avaliación individualizada feitos a finais do curso anterior, así como as súas motivacións, expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas dos nosos alumnos.

A partir dos resultados desta avaliación inicial poderemos desenvolver plans de reforzo, para atender as necesidades individuais do alumnado como mínimo durante o primeiro trimestre do curso 2023/2024.

A avaliación inicial levarase a cabo durante as 2-3 primeiras semanas de clase xa que na área de lingua estranxeira é moi importante ir collendo confianza co alumnado para que se expresen de xeito natural e valorar as súa competencia real coa lingua inglesa.

Realizaranse ao longo da mesma:

- Xogos individuais e grupais con vocabulario e expresións propias da lingua estranxeira. Trataremos de que participe

todo o alumnado para valorar as súas capacidades e preferencias.

- Aprendizaxe de cancións, rimas e adiviñas.
- Visionado de pequenas curtas en lingua inglesa e valoración do seu grao de comprensión.
- Actividades de escoita (Listening) co emprego expresións comúns no contexto da aula e realización de tarefas escritas sinxelas.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	15	15	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para establecer os criterios de cualificación terase en conta:

Procedementos e evidencias observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role plays, pequenas representacións teatrais, análise do portfolios do alumnado e outros.

Instrumentos: táboas de indicadores que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar e probas orais.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma e progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a .

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

O puntuación total da materia establecerase tendo en conta os seguintes porcentaxes:

1. PROBAS 40 %

I. Poderán realizarse probas ao longo de curso fundamentalmente orais que permitan cuantificar a consecución dos obxectivos marcados.

2. TAREFAS E TRABALLOS COTIÁS 50%

- I. Realización das tarefas da clase.
- II. Organización e boa presentación das actividades (presentación, limpeza...).
- III. Autonomía no traballo persoal.
- IV. Participación activa.
- V. Traballo diario dentro da aula .
- VI. Uso diario do inglés na aula.

3. ESFORZO E INTERESE NA APRENDIZAXE DA LINGUA 10%

- I. Respecto, colaboración e boa actitude na aula.
- II. Cumprimento as normas da clase.
- III. Tolerancia cara a cultura da lingua a traballar.
- IV. Actitude positiva ante a aprendizaxe da lingua

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cada mestra/e decidirá e exporá neste apartado o procedemento a seguir para que o alumnado que non avanza ao ritmo da maioría do grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible .Apoios e reforzos educativos, serían as medidas idóneas a adoptar.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Neste nivel porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Así pois, prestarase especial atención durante o proceso de ensinanza á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Estes serán consensuados cos titores e orientados polo persoal especialista en NEAE do centro.

Con esta finalidade nos diferentes materiais curriculares que aportamos ao alumnado desenvólvese un proceso continuo de reciclaxe e de revisión dos contidos.

Partimos dun enfoque da lingua como algo cíclico e non lineal, polo que as actividades levadas a cabo permitirán que o alumnado incorpore o adquirido na súa memoria a longo prazo, e que aqueles nenos/as que non captasen algún contido porque o seu nivel madurativo non era o apropiado, o poidan adquirir posteriormente cando se recicle noutro contexto. Desta forma haberá unha revisión constante de contidos durante todo o curso e prestarase especial

atención aos seguintes aspectos:

- o Os contidos básicos repetiránse en contextos e situacións diferentes; isto permitirá que, sen perder nin a motivación nin o interese, se estean realizando tarefas diferentes ás propostas anteriormente, aínda que inclúan conceptos e procedementos xa traballados.
 - o Atenderemos aos diferentes tempos e ritmos de aprendizaxe.
 - o A metodoloxía variará en función das necesidades facéndose máis personalizada.
 - o Reforzaremos as técnicas de aprendizaxe.
 - o Faremos fincapé nos procedementos, hábitos e actitudes para iniciarse na competencia comunicativa.
 - o Para estudantes que teñan un ritmo de aprendizaxe máis rápido facilitaránse contidos e material de ampliación e para aqueles que teñan un ritmo máis lento empregaranse materiais de reforzo.
- En resumo, a nosa programación vai ser aberta e adaptada aos continuos cambios que se poden presentar ao longo do curso académico

No nivel de 1º hai alumnos que reciben apoio por parte das especialistas de Audición e Linguaxe. As clases de inglés adaptaranse na medida do posible ás capacidades de todo o alumnado fomentando a participación do mesmo nas actividades da aula. Nas reunións de avaliación decidirase conxuntamente co equipo do profesorado as medidas a adoptar máis axeitadas para aqueles alumnos/as que amosen dificultades na área de lingua estranxeira.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.			X		X			
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X			X		X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.		X					X	

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	
ET.2 - Os dereitos da infancia.	
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....			
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia....			
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Easter, Christmas ...			

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

Descrición:

Ademais da avaliación do alumnado, debemos avaliar o noso proceso de ensinanza, para modificar e axustar algo se iso pode axudar a maneira de aprender dos nosos alumnos/as, isto é, permitíndolles adquirir e interiorizar a nova lingua de forma efectiva.

Toda esta avaliación vainos axudar a comprobar, revisar e entender como aprender os nosos alumnos e alumnas, o que aprenderon e porque non aprenderon. Deste xeito, a avaliación vainos axudar dun xeito moi sinxelo a dotar aos nosos alumnos/as cos ferramentas necesarias para adquirir a competencia comunicativa, de xeito autónomo, integrador e motivador

Os resultados de aprendizaxe do alumnado contribuirán a replantexar de cara ao vindeiro curso que actividades resultan máis atractivas para os estudantes, e cales, polo tanto, obteñen mellores resultados. En función deste análise faranse as modificacións oportunas. Algúns indicadores de logro do proceso de ensino e a práctica docente na ensinanza da lingua inglesa no 1º nivel de EP poderían ser:

- Incremento do uso da lingua inglesa con expresións propias da idade e do deseño curricular na aula.
- Mellora progresiva dos resultados obtidos na avaliación.
- Participación activa en todo o abano de actividades que se propoñen nas sesións de lingua inglesa.
- Realización de preguntas na aula por parte do alumno sobre aspectos de interese da lingua ou da cultura inglesa.
- Participación do alumnado en actividades extraescolares relacionadas coa lingua inglesa.
- Manifestar aos titores ou a outros mestres o seu grao de satisfacción nas sesións de lingua inglesa.
- Repetir de xeito espontáneo vocabulario e expresións que se aprenden na aula de lingua inglesa.

Para avaliar este proceso terase en conta o feed-back obtido dos compeñeiros, pais e alumnos en conversas tanto formais coma informais. Tamén poderíamos realizar algún cuestionario ao longo do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

A avaliación sempre se desenvolverá nos tres momentos principais do proceso de ensinanza aprendizaxe:

- Ao inicio do proceso realizarase unha avaliación inicial para diagnosticar o nivel de coñecementos do alumnado e identificar as posibles dificultades (poderemos detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado e tamén teremos en conta e analizaremos os informes de avaliación individualizada feitos a finais do curso anterior), así como as súas motivacións, expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas dos nosos alumnos.

- Durante todo o proceso de maneira continua para analizar en todo momento os progresos e as dificultades que vaian xurdindo ou producíndose. Desta maneira, saberemos cómo ir adaptando e modificando as súas accións educativas para mellorar o proceso ensinanza aprendizaxe.

- Ao finalizar o proceso de ensinanza aprendizaxe e ao finalizar cada unha das unidades didácticas, o docente realizará unha avaliación final ou sumativa na que se avaliará a adquisición final dos contidos e a consecución dos obxectivos fixados.

- Os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

Procedementos de avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Observación sistemática do traballo e da participación e integración do alumno na clase ou de maneira telemática cun rexistro anecdótico persoal.

- Intercambios orais: Preguntas e respostas na clase ou a través de videoconferencias, diálogos, breves coloquios e debates.

- Revisión, análise e comentario das producións dos nenos/-as (fichas, libros de texto, cadernos, producións orais, traballos de aplicación, exercicios específicos mediante a aula virtual....).

- Autoavaliación.

- Coavaliación.

Instrumentos de avaliación:

- Ficha de test de diagnóstico para realizar ao comezo do curso e determinar así o nivel do que parten os alumnos/as.

- Ficha de rexistro, onde se anotan os resultados apreciados a partir da observación, a análise de tarefas, as intervencións na clase e a corrección dos exercicios e do Caderno escolar individual do alumno/a, e en exercicios específicos mediante a aula virtual que integra a información obtida e a súa valoración.

- Probas orais.

- Producións e probas escritas do traballo cotiá, que incorporan os resultados obtidos nas diversas actividades de avaliación que se integran no proceso educativo.

Na avaliación tamén se contempla o análise do proceso de ensinanza e da práctica docente e análise das programacións de aula.

Así, algúns dos procedementos e dos instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensinanza:

- Cuestionarios: aos alumnos.

- Intercambios orais: Entrevista con alumnos, entrevistas con pais, reunións con pais.

- Observador externo.

- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

E co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso: AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DE AULA Onde se

avaliarán os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017107	CEIP Plurilingüe da Ramallosa	Teo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	32
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	33
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao 1º curso de Educación Primaria para o ano académico 2023/2024 para a área de lingua galega e literatura. Trátase dun CEIP no concello de Teo. CEIP Plurilingüe da Ramallosa.

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Mazá ou melón?	Expresión oral: preguntas sobre alimentos e expresar preferencias. Comprensión lectora: comprensión ilustracións dun conto. Vocabulario: alimentos Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das vogais e as consoantes: m, p, l Gramática: as maiúsculas Literatura: presentación de contos tradicionais.	10	16	X		
2	O mundo é unha pelota.	Expresión oral: identificar accións e personaxes. Comprensión lectora: diálogo: Un día de sol. Vocabulario: as linguas utilizadas na nosa contorna. Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: s, t, d, n Gramática: As maiúsculas nos nomes propios. O punto final. Literatura: refráns	12	16	X		
3	Quica	Expresión oral: expresamos os nosos gustos e preferencias sobre os xoguetes. Comprensión lectora: identificación personaxes dun conto navideño. O Apalpador. Vocabulario: as festas tradicionais Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: f, h, b. Gramática: as palabras e as sílabas. Oracións. Literatura: lendas	12	16	X		
4	Unha pesca diferente	Expresión oral: consensuamos as normas de convivencia da aula. Comprensión lector: interpretación de normas.	12	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Unha pesca diferente	Vocabulario: a convivencia Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: c, q, r, rr. Gramática: os artigos Literatura: as fábulas.	12	18		X	
5	Demasiada presa	Expresión oral: manifestamos sentimentos de alegría e diversión ante situacións lúdicas: disfrazarse, maquillarse... Comprensión lectora: lectura comprensiva e dramatización dun conto. Vocabulario: O entroido Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: z/c, g/gu Gramática: o nome Literatura: o teatro	13	18		X	
6	A casa dos animais	Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a importancia dos libros na nosa vida. Comprensión lectora: palabras que riman Vocabulario: os sinónimos Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: ñ, x, ll Gramática: xénero masculino e feminino. Literatura: a poesía	13	18		X	
7	A senda da auga	Expresión oral: debatimos sobre a importancia e os beneficios da reciclaxe Comprensión lectora: identificación da idea principal dun texto. Vocabulario: os antónimos Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: ch, k, w Gramática: o adxectivo Literatura: textos informativos	14	18		X	
8	A boneca Nadia	Expresión oral: descrición de lugares representados en ilustracións. Comprensión lectora: anuncios publicitarios Vocabulario: aumentativos e diminutivos Lectoescritura discriminación visual e auditiva das sílabas trabadas: pr, pl, tr, dr, fr, fl Gramática: O verbo. Presente, pasado e futuro. Literatura: adiviñas e trabalinguas.	14	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Mazá ou melón?	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Reproduce por escrito empregando unha linguaxe respectuosa.	PE	60
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos oralmente e por escrito.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Reproduce por escrito algún contíño breve.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	40
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Desfruta e valora os diferentes tipos de contos.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Desfruta escoitando textos literarios de diferentes autores e autoras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.

Contidos

- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: produción oral
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.

UD	Título da UD	Duración
2	O mundo é unha pelota.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.	PE	60
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno refrán con axuda visual de imaxes.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Esfórzase por intentar mellorar o léxico galego nas producións orais e escritas.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	40
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística das dúas linguas.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan en galego a maiores do cole (persoal sanitario, familiares, veciños-as...)		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Desfruta escoitando textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua coa outra.		

- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Integran a metodoloxía todas aquelas decisións orientadas a organizar o proceso de ensinanza e aprendizaxe que se desenvolve nas aulas. A metodoloxía é, xa que logo, a hipótese de partida para establecer as relacións entre o profesorado, o alumnado e os contidos de ensinanza.

Os nenos e as nenas aprenden e desenvólvense nun medio adecuadamente organizado para iso, polo que a calidade e variedade das aprendizaxes que realizan se relacionan directamente co modo no que estas aprendizaxes tiveron lugar. O que os nenos aprenden depende, en boa medida, de como o aprenden. De aí a importancia das orientacións metodolóxicas.

As decisións relacionadas coa metodoloxía aféctanlles a elementos persoais, físicos e materiais.

O protagonismo dos nenos e das nenas, o modo no que se agrupan, a organización dos espazos e dos tempos, a selección de recursos e materiais, as situacións de aprendizaxe, actividades e secuencias didácticas que se propoñan, o papel dos educadores, a interacción da escola coa familia e con outros estamentos sociais, son aspectos ou elementos que configuran a metodoloxía. O carácter educativo que ten esta etapa xunto á súa complexidade, xustifica unhas orientacións metodolóxicas fundamentadas cientificamente.

Os principios nos que baseamos esta proposta son os seguintes:

A). Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

B). Desde a perspectiva psicolóxica:

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.- Dos coñecementos previamente construídos.

b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
 - Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.
- O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubrindo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.

c) Favorecer a aprendizaxe autónoma.

- Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles,(cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención).
- Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnos e das alumnas, desde o saber cotián ata o saber científico.

d) Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

C). Desde a perspectiva pedagóxica:

a) Partir da avaliación inicial, específica e global.

- Das súas aptitudes e actitudes.
- Das súas necesidades e intereses.
- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.

b) Motivar axeitadamente.

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.

c) Analizar os esquemas previos de coñecemento.

- Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.

- Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.d) Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos.

- Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
- Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.
- Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
- Estruturando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).
- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
- Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

D). Desde a perspectiva sociolóxica:

a) Partir do diagnóstico inicial das relacións que se dan na aula, como microsociedade viva, xermolo das futuras relacións da vida real.

- De relacións afectivas e efectivas.

- De roles: líderes, rexeitados, etc.
- b) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e a modelación dos roles máis adecuados.
 - Facilitando a comunicación (diálogo), como base da comprensión (práctica de técnicas intragrupo de dinámica de grupo).
 - Propiciando a interrelación cos demais grupos (práctica de técnicas intergrupais).
 - Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
 - Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
 - Favorecendo a aprendizaxe cooperativa.
- c) Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.
 - Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
 - Respectando os demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.
 - Construindo unha cultura común.

En resumo, poderíamos compendialos nos seguintes principios metodolóxicos:

- a) Respeto das leis da maduración.
- b) Comunicación e apertura.
- c) Individualización e autonomía.
- d) Socialización.
- e) Secuenciación.
- f) Flexibilidade.
- g) Aprendizaxe construtivo-significativa.
- h) Formación de hábitos e actitudes.
- i) Coordinación coa familia.

Especificamente, estes principios deben facilitar: a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas,

atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado.

Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.

b) A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.

c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.

d) O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.

e) A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.

f) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.

g) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.

h) A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.

i) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo temporais.

l) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir

m) O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

n) A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

ñ) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.

o) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa

A materia de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.
- Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivos, actitudinais, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmos senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.
- Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.
- Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.
- Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, polo seu intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativo.
- Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Dentro da súa autonomía pedagóxica, os centros docentes son os que definen os métodos de ensinanza na aula, de acordo cos principios pedagóxicos. Tamén deciden sobre os materiais curriculares e os recursos didácticos. A súa vez, cada docente posúe liberdade para tomar as súas propias decisións metodolóxicas, que serán respectuosas co acordado a nivel de centro e co establecido polas administracións educativas correspondentes, entre outras a elección do libro de texto. A este respecto quero deixar constancia que no presente curso non utilizarei libro de texto físico, suplindo este por materiais de elaboración propia.

Sinalar que ao non existir aula propia de Relixión. Os alumnos ou ben permanecerán na súa aula, se o número de alumnos que escolle esta optativa é maioritario, ou ben trasladarémonos á aula de informática no caso de ser minoritario.

TIPOS DE MATERIAIS A EMPREGAR

A). Materiais funxibles.

Rotuladores de cores, cartolinas, distintos tipos de papeis, pinturas, pegamento ...

B). Materiais non funxibles.

Materiais para ambientar e decorar a aula, murais motivadores, contos, dicionarios, mapas, láminas de fotografías, ordenadores, canón de video, películas, CDs de cancións, de audicións de contos

C). Espazos

Aula propia, aula de informática, patio do recreo, horto escolar

Diferentes dependencias da escola: Salón de actos, biblioteca, aula de radio

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tal e como se recolle no Artigo 20 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Avaliación inicial

1. A avaliación inicial na etapa de educación primaria realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

2. O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante da que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do

currículo.

Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención máis específicas, e de recuperación, que considere máis oportunas para cada alumno/a.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo na programación de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se considere oportuna para cada alumna ou alumno.

Engadir tamén que a súa finalidade é coñecer os preconceptos que os alumnos e alumnas posúen da temática a tratar. Con carácter xeral, efectuarase unha serie de preguntas relacionadas con cada unidade temática de maneira que me permita establecer o punto do que partir. No caso de precisar unha maior exhaustividade na avaliación inicial, empregaranse métodos que busquen a maior obxectividade posible

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	12	12	14	14	14	14	12	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Tal e como se recolle no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación eo currículo da educación primaria

A avaliación da ensinanza da Relixión Católica e do Proxecto Competencial realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos ca a das outras áreas da educación primaria. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación subscritos polo Estado.

A determinación do currículo da ensinanza de Relixión Católica e das diferentes confesións relixiosas con que o Estado subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrencia entre todo o alumnado, as cualificacións que se obtiveron na avaliación das ensinanzas de Relixión e do Proxecto Competencial non se computarán nas convocatorias en que deban entrar en concorrencia os expedientes académicos.

Tal e como se recolle no Artigo 23 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola

que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Cualificacións

1. Os resultados da avaliación das áreas expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Tal e como se recolle no Artigo 17 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 17. Carácter da avaliación

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

2. A avaliación na educación primaria será global, continua e formativa:

a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

b) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

c) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Os procedementos e instrumentos que se utilizarán na materia de relixión son:

A observación sistemática do traballo do alumno ou alumna: a súa participación, o interese, a exposición de dúbidas, ... (35%)

Coidado e asistencia co seu material de traballo persoal (15%)

A implicación e a resolución de exercicios realizados. (35%)

Comportamento na aula (15%)

A periodicidade da análise da información extraída destes instrumentos permitirá profundar ou repasar, así como detectar as posibles dificultades de aprendizaxe. En calquera dos escenarios contemplados alcanzarse unha cualificación positiva en cada unha das avaliacións e na final, si o alumno ou alumna

consigue superar os criterios de avaliación e mínimos esixibles

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas adaptadas á realidade de cada alumno.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal e como ven recollido no artigo 20 do Capítulo III do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria

Atención á diversidade

1. Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

Estas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria, de acordo co perfil de saída, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte ciclo ou etapa.

En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, especialmente co alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.

Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.

3. A escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.

4. A identificación e a valoración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Neste proceso de identificación e valoración serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado. A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as

precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevea que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

7. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presenten graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfaseamento curricular, recibirán, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfaseamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfaseamento e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar ese desfaseamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

8. Para a atención á diversidade do alumnado de educación primaria estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe serán poñendo énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, usando distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Tamén se incidirá na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades

A atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito educativo para potenciar a inclusión e permitir dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Así, o deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, axudará a desenvolver unha atención individualizada

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual, TIC e TAC	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer		X	X	X		X		X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- * Igualdade entre mulleres e homes.
- * Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital
- * O fomento da creatividade no alumnado
- * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- * Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- * Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- * Expresión oral e escrita, positivas
- * Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- * Educación emocional e en valores
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación activa nas tarefas que procedan do Comando Verde, Escola Verde	Desenvolveremos aquelas actividades de coidado da nosa contorna que procedan no momento que as levemos a cabo	X	X	X
Belén móbil	Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén que irá por todas as aulas do colexio e á visita ao xeriátrico	X		
Lecturas felices no patio	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos			X
Busca do tesouro da Semana Santa e Pascua	Prepararei unha busca do tesouro de momentos importantes da Semana Santa e Pascua que logo debemos ordenar, con premio para todos ao finalizar a sesión		X	

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade"

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Traballáronse todos os obxectivos?
Afondouse nalgúns especialmente?
Cal foi o grao de consecución dos contidos?
Metodoloxía empregada
Que obxectivos non foron acadados polo alumnado e cal foi a razón?
Outros
Traballáronse todos os contidos?
Avalío constantemente miña propia práctica docente

Descrición:

Tal e coma ven recollido no artigo 26 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas

para adaptala ás características e necesidades do alumnado.

2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que tratarán, como mínimo, sobre os seguintes

aspectos:

a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.

b) A metodoloxía empregada.

c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.

d) As medidas de atención á diversidade.

e) O clima de traballo na aula.

f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

3. Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

Despois de finalizar cada unidade didáctica contestarei un breve cuestionario elaborado para comprobar a consecución dos obxectivos marcados e ao finalizar cada avaliación farase unha autoavaliación máis exhaustiva

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Realizaráse o seguimento das programacións didácticas nos grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora.

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didáctica

Coa LOMLOE establécese que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
 - * Aos alumnos.
 - * Ás familias.

- * Utilización de medidas para a atención á diversidade
 - Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
 - As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
 - Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados